



REDES SOCIAIS E MARCA: A XESTIÓN DA IMAXE PERSOAL/EMPRESARIAL NA REDE

DESCRIBIÓN DO CURSO

Este curso pretende afondar no coñecemento da realidade comunicativa 2.0, aquela na que todos somos emisores de mensaxes e receptores ao mesmo tempo. Neste contexto, cobra vital importancia a figura do perfil profesional coñecido como “Community Manager”, que se encarga de xestionar a comunicación da marca/empresa nos medios sociais.

Aos alumnos ofreceráselles nocións de comunicación 2.0, de xestión de marca nas redes sociais e márketing dixital así como tamén se traballará na correcta elaboración de contido específico para cada tipo de plataforma e na monitorización da actividade da marca no contexto dixital.

OBXECTIVOS

O alumno debe conseguirá acadar os seguintes obxectivos unha vez finalice o curso:

- Recoñecer os aspectos identitarios do **novo contexto comunicativo 2.0**.
- Comprender o papel do novo **perfil profesional do Community Manager** xurdido no ámbito da comunicación 2.0.
- O alumno debe adquirir coñecementos básicos sobre a variedade de **ferramentas de traballo que lle son útiles ao Community Manager** no día a día.



- Os asistentes, unha vez rematado o curso, deben ter a capacidade de **elaborar mensaxes acordes ás características das diferentes canles e estruturas comunicativas susceptibles de ser empregadas por un xestor de medios sociais** así como de **resolver os posible conflitos** que poidan xurdir froito da presenza da marca/identidade nos medios sociais.
- O alumno debe ser capaz de botar man de **ferramentas de monitorización** que lle permitan “medir” a eficacia das accións emprendidas nos diferentes medios sociais para continuar coa estratexia comunicativa empregada ou reorientala.

TEMARIO/CRONOGRAMA

Sesión 1

Introdución: social media e community managers

- Redes Sociais e Marketing dixital. Sexamos, primeiramente, Community Managers de nós mesmos.
- Funcións, aptitudes e características dun xestor de redes sociais
- Guía de creación de contido 2.0

Sesión 2

- O Social Media Plan: entre 8 e 800 fitos para acadar o éxito ou como non existe unha fórmula máxica e si moitos camiños

Sesión 3

O día a día do Community Manager: ferramentas de traballo

- Contexto de traballo do Community Manager: plataformas e canles (blogs, microblogs, redes sociais, web corporativa).
- Ferramentas indispensables para xestores de redes sociais, o pico e a pa do Community Manager



Sesión 4

Principais redes sociais:

- Facebook
- Google +
- Twitter
- LinkedIn
- Instagram
- Pinterest
- Foursquare
- Algunha máis...

Sesión 5

Monitorización e análise da actividade

Monitorización e xestión de indicadores de actividade (ferramentas para medir o impacto das accións emprendidas polo Community Manager).

- Análise da actividade e reformulación da estratexia de marketing persoal/empresarial.

DOCENTE

Carlos Toural é doutor en Ciencias da Comunicación. Traballa como investigador do Grupo Novos Medios da Universidade de Santiago de Compostela e é docente na Facultade de Ciencias da Comunicación en materias relacionadas coas novas tecnoloxías, a arquitectura da información e as redes sociais. Ten participado como docente en diversos seminarios e cursos relacionados coa xestión da marca persoal e empresarial nas redes sociais así como en diferentes másteres. Queredes saber máis? Buscádeo na rede como Carlos Toural Bran (Facebook), Carlos Toural (G+ e Instagram), @carlos_toural (Twitter).



ORGANIZACIÓN

Asociación de Periodistas de Santiago de Compostela (APSC) coa colaboración da Cámara de Comercio de Santiago e a USC.

AULA/DATAS/HORARIO

Aula de Informática do Viveiro de Empresas (Polígono Costa Vella. Rúa República Checa, 40. 15707 Santiago)

Sábados 5, 12 e 26 de abril e 3 e 10 de maio

De 10:00 a 14:00 h.

PREZOS

50 euros para os socios da APSC, estudantes de Xornalismo da USC e socios da Cámara de Comercio de Santiago

70 euros para non socios

INSCRICIÓNS

19 PRAZAS por rigorosa orde de inscrición

Data límite de inscricións: 28 de marzo de 2014

Enviar un correo electrónico a apsantiagoc@hotmail.com indicando:

- Nome e apelidos
- Idade e profesión
- Teléfono de contacto
- Estudante de Xornalismo/Non estudante
- Socio da APSC/Non socio

Ingresar no número de conta: Novagalicia Banco 2080 – 0300 – 81 – 3040025603